

*Os*  
*antecedentes*  
*de*  
*ARLEN*

**Mario Outeiro Iglesias**

Enxeñeiro Químico

Profesor de Física e Química no IES Pedregal de Irimia

**CARTILLA AGRARIA**

*para*

**(LAS ESCUELAS RURALES DE)**

*LA*

**PROVINCIA DE BUENOS AIRES,**

*redactada por*

**(D. José Dorje de la Peña,)**

vocal de la comision provincial de instruccion primaria, etc. etc.

IMP. DE LA V. DE RIESGO E HIJOS. (1846.)

# *Os antecedentes de ARMN*

**Os premios Innovagal premian iniciativas innovadoras que permitan "aplicar metodoloxías activas que sitúen o alumnado como protagonista da súa propia aprendizaxe e que fomenten o traballo en equipo" tanto de centros como de profesores en distintas modalidades. En concreto ARMN foi premiada no apartado de "Escolas Saudables e Abertas á Contorna". A aprendizaxe de contidos de carácter agrario no ensino regrado é tan innovador como nos indica o premio?**

Por desgraza na actualidade estes contidos foron relegados totalmente polas administracións educativas, tanto estatal como autonómica, e hai que buscar con lupa nos currículos de materias como Bioloxía e Xeoloxía, Xeografía e Historia, Cultura Científica ou Física e Química contidos relacionados co medio rural, coa agricultura e coa sustentabilidade, que son tres eixos importantes na materia de ARMN. Traballar estes contidos de xeito específico queda á vontade dos centros ou do profesorado para aproveitar a libre configuración do centro (como o caso de Meira) ou a realización de proxectos interdisciplinarios (que leva consigo a implicación de varios profesores/as). É por iso que as iniciativas deste tipo na Galiza (e no resto do Estado) son contadas, pouco profundas e sen continuidade.

# *Os antecedentes de ARMN*

**Ademais de impartir uns coñecementos que outras materias non dan, hai máis motivacións que as de aprender por aprender?**

Por suposto que si. No momento de crear esta materia meditouse moito como facer para conseguir acadar os seguintes obxectivos:

- Que o alumnado que vive na aldea (ou como está máis de moda: o alumnado do rural) coñeza que no seu medio ten ferramentas para vivir dun xeito digno, porque pode traballar no sector primario, pode ter un complemento económico importante ou porque, aínda que teña outro traballo diferente, o contacto co medio é moi gratificante, construtivo e saudábel. Estes puntos son moi importantes porque nas últimas décadas (ou séculos) o éxodo da zona rural cara a cidade, por varios motivos (incluído o ensino regrado), deixou a maior parte da Galiza (fundamentalmente o interior e de xeito intensivo nas áreas de montaña) envellecida e despoboadada.

# Os antecedentes de ARMN

- Traballar o currículo dun xeito activo e atractivo para o alumnado. Os coñecementos prácticos, importantes na materia, son motivadores para o alumnado e serven de alicerce a contidos máis teóricos impartidos noutras materias (matemáticas, química, bioloxía, xeografía...).
- Por outra banda, no 2015 a Asemblea Xeral das Nacións Unidas aprobaba a Axenda 2030 que pretende acadar 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentábel (ODS), dos cales o número 4 está centrado no ensino. Tamén a LOMLOE introduce a sustentabilidade no preámbulo e no artigo 1 (principios) para indicar posteriormente que se debe de tratar de maneira transversal.
- Pero aínda que a materia foi creada nun contexto rural é totalmente exportábel ao 100% dos centros de Galiza, especialmente aos urbanos, xa que o alumnado deste medio (e moito do procedente das vilas galegas) non ten contacto con este tipo de coñecementos, ben porque as familias non teñen xa ningún nexo co medio rural, ben porque non consideran importante a súa transmisión ás novas xeracións, fronte a outros coñecementos como a informática, a robótica ou os idiomas estranxeiros.

ARMN, como libre configuración do centro, foi o instrumento elixido para poder levalos a cabo.

# *Os antecedentes de ARMN*

**E no pasado, a aposta das administracións polos coñecementos agrícolas no ensino regrado, foi sempre así?**

A sorpresa que te levas ao investigar sobre a historia do ensino é que foi moi diferente e que deberíamos tomar nota de moitas cousas que se teñen feito ben porque no ensino temos o costume de asociar o pasado con algo negativo e co que hai que rachar, si ou si, para ser innovadores.

# *Os antecedentes de ARMN*


## **Quere dicir que si que houbo materias deste tipo antes?**

Por suposto, e cando nos referimos a antes estamos a falar dun pasado bastante remoto. A agricultura non aparece na lexislación española como materia no ensino primario ata 1848 e a partires dese momento tivo maior ou menor presenza ata a aprobación, no 1970, da Lei Xeral de Educación. Certo é que ao comezo se trataba dun ensino moi teórico e sobre todo pensado para os nenos, non tanto por unha razón pedagóxica senón cunha motivación económica (a maior parte da poboación era rural e na Galiza a agricultura estaba moi atrasada).


Pouco a pouco foron cobrando maior importancia os coñecementos prácticos e a partires de 1905 comezan a aparecer disposicións lexislativas que fomentan a creación de campos agrícolas escolares. A partires dese intre comezan a agromar numerosas experiencias pedagóxicas para o fomento da agricultura no ensino na Galiza, onde son referencia mestres como: José López Otero, Gregorio Sanz, José Sánchez García, Luis Carragal Peón...

# Os antecedentes de ARMN

## JARDÍN ESCOLAR



## PLANTA DE UNA ESCUELA RURAL CON SU HUERTA.




### EXPLICACION.

1. Guardia de semillas
  2. id de leguminosas.
  3. id de raices alimenticias.
  4. Prado.
  5. Vid.
  6. Plantas de tinte.
  7. 8 Filamentosas y flores.
- A. Mesas y bancos de escribir  
 B. Plataforma y bafete.  
 C. Cobertizo.  
 D, D', calles de la huerta.  
 O. letrero. N= acimilla.  
 X. Guardia ropas. S, S', somocirculos.  
 Z. Entrada de la Escuela.

# Os antecedentes de ARMN

## CAMPO DE EXPERIMENTACIÓN PARA UNA ESCUELA RURAL



1, 2, 3 y 4. — Surtidores de agua para beber y regar.

5, 6, 7 y 8. — Columnas con estatuas o jarrones con plantas raras.

El macizo para flores y el campo de césped, rodeados de macetas con diferentes cultivos.

Este campo tiene una superficie de 714 metros cuadrados.

### Imaxes:

De Gabriel Fernández, N. (1989): Agricultura e escola. Contra a rutina e o éxodo rural. Universidade de Santiago de Compostela (Servicio de Publicacións e Intercambio Científico).



# *Os antecedentes de ARMN*

**E por que sempre aparece Lugo como un referente do ensino agrícola tanto galego como peninsular?**

En parte, diso ten moita culpa o empresario e filántropo galeguista Antonio Fernández López (propietario de importantes empresas como Cementos de Oural, Zeltia, Pescanova, Frilugo...) que abriu en Ortoá (Sarria) a Granxa Escola de Barreiros en 1948 baixo a dirección do tamén galeguista Avelino Pousa Antelo e o Colexio Fingoi de Lugo que comeza a funcionar no curso 1950-1951 baixo a tutela de Ricardo Carvalho Calero. No primeiro, a maiores dun ensino moi centrado na contorna, formáronse centos de profesores galegos entre os anos 1948 e 1971 con cursos de formación agropecuaria nos veráns. No segundo vese como esa formación agraria ten tamén interese nun medio urbano entre sectores con posibilidades económicas.

Tamén a emigración xogou un papel importante coa creación da Escola-Granxa Pedro Murias de Vilaselán (Ribadeo) en 1922 que foi todo un referente.

# *Os antecedentes de ARMN*



Práctica de poda de frutais dos alumnos do Colexio Fingoy, fundado por Antonio Fernández López (Fot. Devesa Jul).

# *Os antecedentes de ARMN*



Alumnos do Colexio Fingoy realizando prácticas na horta escolar (Fot. Devesa Jul).

# *Os antecedentes de ARMN*



Vicente Devesa Jul supervisando unha práctica de sementeira de cenoarias na horta do Colexio Fingoy (Fot. Devesa Jul).

# Os antecedentes de ARMN



Nenos recollendo os produtos da horta escolar existente no Colexio Fingoy  
(Fot. Devesa Jul).

## Imaxes:


De Gabriel Fernández, N. (1989): Agricultura e escola. Contra a rutina e o éxodo rural. Universidade de Santiago de Compostela (Servicio de Publicacións e Intercambio Científico).

# *Os antecedentes de ARMN*

## **Había xa libros de texto?**

Máis que libros de texto, como os coñecemos hoxe, eran documentos semellantes aos “catecismos” para que o alumnado aprenderan de xeito memorístico. No Nadal de 1848 convocouse a nivel estatal un concurso público para a elaboración dun Catecismo de agricultura pensado para as escolas primarias. O gañador, Alejandro Oliván, tivo o privilexio de que o seu texto fose obrigatorio no ensino público (no privado poderían escoller entre o gañador e o segundo, de Julián González Soto) ata 1881.

# Os antecedentes de *ARMN*



# *Os antecedentes de ARMN*

Tendo en conta que Galiza conta cun territorio cun solo, un clima e unha organización territorial distinta da do resto do Estado, tiñamos cartillas agrícolas propias?

Si e incluso anteriores ás mencionadas anteriormente, entre as cales destaca a publicada por José Jorge de la Peña con formato de preguntas e respostas (como este artigo) en 1816 para as escolas rurais da provincia de Lugo e que podedes atopar en internet.

**CARTILLA AGRARIA**

*para*

**CLAS ESCUELAS RURALES DE**

*LA*

**PROVINCIA DE LUGO,**

*redactada por*

**(D. José Jorge de la Peña,)**

vocal de la comisión provincial de instrucción primaria, etc. etc.

*Decorative flourish*

**IMP. DE LA V. DE RIESGO E HIJOS. (1816.)**



# *Os antecedentes de ARMN*

**Volvendo ao presente houbo algunha outra materia semellante na que se impartiran contidos como os de ARMN?**

Si, e ben preto de nós, en concreto no IES da Terra Chá José Trapero Pardo, de Castro de Ribeiras de Lea. Como é sabido, neste centro lévanse impartindo dende hai décadas distintos ciclos de FP relacionados coa familia profesional “Agraria”. Foi a existencia dese departamento a que no curso 1995-1996 decidiu aproveitar a posibilidade das optativas de centro (que a LOGSE e as posteriores leis permitían) para impartir “Iniciación Profesional Agraria (IPA)” tanto en 3º da ESO (2 h/semanais) como algún curso, en 4º da ESO (3 h/semanais). O último curso no que se deu clases desa materia foi o 2015-2016.

# *Os antecedentes de ARMN*



# *Os antecedentes de ARMN*



# *Os antecedentes de ARMN*



# *Os antecedentes de ARMN*



# *Os antecedentes de ARMN*



# *Os antecedentes de ARMN*

## **E mirando ao futuro, que cabida teñen na LOMLOE estes contidos?**

Como vimos antes, a sustentabilidade entrou por vez primeira na redacción dunha lei educativa. A maiores vivimos nun contexto onde o baleirado do rural é un problema que preocupa á cidadanía e que se colou directamente en distintos parlamentos. Porén cando as administracións educativas teñen que concretar o currículo non apostan en serio polo tema e todo queda en fermosos titulares xornalísticos que despois ningunha, ou pouca, incidencia teñen. Estamos agardando a que a Consellaría de Cultura, Educación e Universidade aprobe os currículos para ESO e Bacharelato pero nos borradores actuais, ademais de non existir ningunha materia específica, semella que se lle quita aos centros educativos a posibilidade de crear materias de libre configuración que cubran as demandas específicas da contorna, fóra dun “Proxecto competencial” que se ofertará en todos os cursos da ESO como alternativa á materia de Relixión.

# Os antecedentes de ARMN

## EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

SESIÓN/CURSO							
1º ESO		2º ESO		3º ESO		4º ESO	
Lingua Galega e Literatura	3	Lingua Galega e Literatura	3	Lingua Galega e Literatura	3	Lingua Galega e Literatura	3
Lingua Castelá e Literatura	3	Lingua Castelá e Literatura	3	Lingua Castelá e Literatura	3	Lingua Castelá e Literatura	3
1ª Lingua Estranxeira	3	1ª Lingua Estranxeira	3	1ª Lingua Estranxeira	3	1ª Lingua Estranxeira	3
Matemáticas	4	Matemáticas	4	Matemáticas	4	Matemáticas A / Matemáticas B	4
Xeografía e Historia	3	Xeografía e Historia	3	Xeografía e Historia	3	Xeografía e Historia	3
Educación Física	2	Educación Física	2	Educación Física	2	Educación Física	2
Bioloxía e Xeoloxía	3	Física e Química	3	Bioloxía e Xeoloxía	2	Relixión/Proxecto competencial	1
Relixión/Proxecto competencial	1	Relixión/Proxecto competencial	1	Física e Química	2	Titoría	1
2ª Lingua estranxeira	2	2ª Lingua estranxeira	2	Relixión/Proxecto competencial	1	<b>Optativa autonómica</b>	3
Educación Plástica, Visual e Audiovisual	2	Música	2	Educación en Valores Cívicos e Éticos	1	Optativa 1 (estatal)	3
Tecnoloxía e Dixitalización	3	Tecnoloxía e Dixitalización	3	Educación Plástica, Visual e Audiovisual	2	Optativa 2 (estatal)	3
Disposición de centro	2	Disposición de centro	2	Música	2	Optativa 3 (estatal)	3
Titoría	1	Titoría	1	Titoría	1	<b>TOTAIS</b>	<b>32</b>
<b>TOTAIS</b>	<b>32</b>	<b>TOTAIS</b>	<b>32</b>	<b>Optativa autonómica</b>	<b>3</b>		
				<b>TOTAIS</b>	<b>32</b>		



# Os antecedentes de ARMN

## PRIMEIRO DE BACHARELATO

SESIÓNS/CURSO					
MODALIDADE CIENCIA E TECNOLOXÍA	MODALIDADE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	MODALIDADE XERAL	MODALIDADE ARTES		
			VÍA MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS		VÍA ARTES PLÁSTICAS, IMAXE E DESEÑO
Lingua Galega e Literatura I	Lingua Galega e Literatura I	Lingua Galega e Literatura I	Lingua Galega e Literatura I	Lingua Galega e Literatura I	Lingua Galega e Literatura I
Lingua Castelá e Literatura I	Lingua Castelá e Literatura I	Lingua Castelá e Literatura I	Lingua Castelá e Literatura I	Lingua Castelá e Literatura I	Lingua Castelá e Literatura I
1ª Lingua Estranxeira I	1ª Lingua Estranxeira I	1ª Lingua Estranxeira I	1ª Lingua Estranxeira I	1ª Lingua Estranxeira I	1ª Lingua Estranxeira I
Filosofía	Filosofía	Filosofía	Filosofía	Filosofía	Filosofía
Educación Física	Educación Física	Educación Física	Educación Física	Educación Física	Educación Física
Matemáticas I	Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais I / Latín I	Matemáticas xerais	Análise Musical I / Artes escénicas I	Debuxo artístico I	
Relixión / Disposición de centro	Relixión / Disposición de centro	Relixión / Disposición de centro	Relixión / Disposición de centro	Relixión / Disposición de centro	Relixión / Disposición de centro
Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais	Grego I	Economía, Emprendemento e Actividade Empresarial	Coro e Técnica Vogal I	Volume	
Tecnoloxía e Enxeñería I	Economía	Materias doutras modalidades	Linguaxe e Práctica Musical	Cultura Audiovisual	
Debuxo Técnico I	Historia do Mundo Contemporáneo	Optativa	Cultura Audiovisual	Proxectos Artísticos	
Física e Química	Literatura Universal	TOTALS	Análise Musical I / Artes escénicas I	Debuxo Técnico aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño I	
Optativa	Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais I / Latín I		Optativa	Optativa	Optativa
TOTALS	Optativa		TOTALS	TOTALS	
	TOTALS				

ELEXIR 2 MATERIAS DE 4 HORAS

# Os antecedentes de ARMN

## SEGUNDO DE BACHARELATO

SESIÓNS/CURSO					
MODALIDADE CIENCIA E TECNOLOXÍA	MODALIDADE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	MODALIDADE XERAL	MODALIDADE ARTES		
			VÍA MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS	VÍA ARTES PLÁSTICAS, IMAXE E DESEÑO	
Lingua Galega e Literatura II	Lingua Galega e Literatura II	Lingua Galega e Literatura II	Lingua Galega e Literatura II	Lingua Galega e Literatura II	Lingua Galega e Literatura II
Lingua Castelá e Literatura II	Lingua Castelá e Literatura II	Lingua Castelá e Literatura II	Lingua Castelá e Literatura II	Lingua Castelá e Literatura II	Lingua Castelá e Literatura II
1º Lingua Estranxeira II	1º Lingua Estranxeira II	1º Lingua Estranxeira II	1º Lingua Estranxeira II	1º Lingua Estranxeira II	1º Lingua Estranxeira II
Historia de España	Historia de España	Historia de España	Historia de España	Historia de España	Historia de España
Historia de Filosofía	Historia de Filosofía	Historia de Filosofía	Historia de Filosofía	Historia de Filosofía	Historia de Filosofía
Matemáticas II / Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais II	Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais II / Latín II	Ciencias Xerais	Análise Musical II / Artes escénicas II	Debuxo artístico II	
Relixión / Disposición de centro	Relixión / Disposición de centro	Relixión / Disposición de centro	Relixión / Disposición de centro	Relixión / Disposición de centro	Relixión / Disposición de centro
Bioloxía	Grego II	Movimentos Culturais e Artísticos	Coro e Técnica Vogal II	Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica	
Xeoloxía e Ciencias Ambientais	Economía e Deseño de Modelos de Negocio	Materias doutras modalidades	Historia da Música e da Danza	Fundamentos artísticos	
Debuxo Técnico II	Xeografía	Optativa	Literatura Dramática	Deseño	
Física	Historia da Arte	TOTALS	Análise Musical II / Artes escénicas II	Debuxo Técnico aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño II	
Química	Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais II / Latín II		Optativa	Optativa	Optativa
Tecnoloxía e Enxeñaría II	Optativa				
Optativa					
TOTALS	TOTALS		TOTALS	TOTALS	

ELEXIR 2 MATERIAS DE 4 HORAS